



**O FANZINE DAS XORNADAS**

REVISTA DAS XIX XORNADAS DE BD DE OURENSE

- Capas:** Emma Ríos (deseño: Álvaro López)
- Páxina 3:** *Axenesia*, por Emma Ríos  
Emma Ríos: nekonet@gmail.com
- Páxina 9:** Editorial
- Páxina 10:** Artigo: *As Xornadas de 2007*
- Páxina 12:** Artigo: *Diego Blanco, o debuxante «tranquilo»*, por Claudia Neira
- Páxina 13:** BD: *A gran final*, por Diego Blanco  
Diego Blanco: diegoblanko@yahoo.es
- Páxina 15:** Artigo: *Lola Lorente: diccionario comentado de termos*, por Roberto X. Noya
- Páxina 18:** BD, por Brais Rodríguez  
Brais Rodríguez: elbrais@yahoo.es
- Páxina 21:** *Entrevista a Pepo Pérez*, por Óscar Iglesias
- Páxina 24:** BD, por Roque  
Roque: roqueromero@gmail.com
- Páxina 28:** Artigos: *Carlos Vermut*, por Miguel Porto e Carlos López del Rey
- Páxina 30:** BD: *Como facer cómics que funcionan*, por Bernal  
Bernal: bernalprietog@yahoo.es
- Páxina 33:** BD: *Conduce con cuidado, grazas!*, por Hugo Covelo  
Hugo Covelo: hugo.covelo@gmail.com
- Páxina 36:** Artigo: *Premio Ourense de BD – Colectivo Polaquia*
- Páxina 37:** BD, por Juan Luis Pérez  
Juan Luis Pérez: sepe06@terra.es
- Páxina 39:** Artigo: *O cartel das Xornadas – Juan Luis Pérez*

## AS CAPAS EMMA RÍOS

© Emma Ríos



Emma Ríos (Arousa, 1976) é unha prestixiosa arquitecta, pero a súa faceta que máis nos interesa é a de ilustradora e autora de banda deseñada. Cun estilo que reflicte unha forte influencia do manga xaponés e unha temática herdeira do cinema de Tarantino, Emma colaborou en distintas publicacións (*Dos Veces Breve: Especial autoras, H2Oil*) e fanzines (ademais do noso, *Barsowia, Carne líquida e Puñetas desde el Atlántico*), e foi premiada nos certames de Arteixo e Na Vanguarda. Sen dúbida, a súa obra máis importante até a data é a serie de acción futurista *A prueba de balas (APB)*, da que autoeditou tres números baixo o selo de *Polaquia* e da que algún día (agardemos que axiña) leremos o seu capítulo final. Ríos foi unha dos poucos creadores galegos que deron o salto ao estranxeiro: a revista belga *L'Inédit* publicoulle un libro monográfico de bosquexos, fixo ilustracións para diversas publicacións francesas, e mesmo foi convidada aos festivais de Angoulême e Ardenne. Unha mágoa que as expectativas europeas non acabasen de satisfacela. Agora Emma está a escoitar cantos de serea do outro lado do océano: os cazatalentos de *Vertigo* (a filial 'adulta' da DC) andan moi interesados en fichala para a súa editora. Non lle quiten ollo: esta moza chegará lonxe no mundo do cómic, e antes do que ela mesma pensa.

Este número d'*O Fanzine* non tería sido posíbel sen a colaboración desinteresada de: Diego Blanco • Hugo Covelo • Claudia Neira • Roberto X. Noya • Juan Luis Pérez • Pepo Pérez • Miguel Porto • Bernal Prieto • Emma Ríos • Brais Rodríguez • Roque Romero • Carlos Vermut.

Todos os cómics, ilustracións e textos publicados nesta revista son propiedade, e *copyright* se corresponde, dos seus respectivos autores/as ou editores/as, e reproducense co seu permiso ou como simple referencia do texto. Para posteriores reproducións, contáctese directamente con cada un deles.

*Axenesia*  
Guión e debuxos: Emma Ríos  
© 2007 Emma Ríos

### O Fanzine das Xornadas, nº 14.

Publicación oficial das XIX Xornadas de Banda Deseñada de Ourense. Outubro de 2007.

Coordinación: Óscar Iglesias, Henrique Torreiro.

Edita: Colectivo Phanzynex, Rúa Manuel Murguía 15-5ºD, E-32005 Ourense (Galicia, Spain)

Fax (+34) 988 249930 • Correo electrónico: casa@casaxou.com, lab.ou.info@gmail.com

Internet: www.casaxou.com/bd, www.labou.blogspot.com

Deseño: Xosé Lois Vázquez & N. C., SC • Fotomecánica e impresión: RODI Artes Gráficas, Ourense.

Depósito legal: OUR-183/97

Co patrocinio de: Casa da Xuventude de Ourense • Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade  
Concellaría de Cultura do Concello de Ourense



COLECTIVO  
PHANZYNE  
X  
OURENSE





¿POR QUE T'IP,  
¿QUEN TE CREES NOVAT'AP?  
HOKE NINGUEN PODE  
FODERME.

VOLTEJO  
"CAMINO DEL DIABLO",  
SON UN FODIDO "COSOTE".  
¿SABES O QUE ME CUESTOU  
CHEGAR AQUI? ¿O QUE  
T'HVEN QUE FACER?



ESTE É O MEU FEBREIRO  
TRABALLO EN CASE UN ANO

O FEBREIRO FO UN VELLO MERCADO ACABAHO  
O SEGUNDO O ESTURDO FILLO TRESSE,  
O TERCEIRO...



ES UNHA PUT'A FODER...  
UNHA PUT'A...

XA PODERÁ TER SEIO OUTRO  
FODIDO BROT'A PERO NON T'HAIS  
QUE SER TI.



OS ERROS PÁGARGE RICO. NON ES MÁIS QUE  
OUTRO QUE TEN QUE MORRER TRAS ENTARAR  
NO NEGOCIO DE MERDA.

QUE MERDA...

NON TE QUERES PODERÁ TER SEIO  
PEOR, PODERAMOS NON TER  
COMPARTIDO NADA ANTES

HU HU..







¿POD QUE ANTES NUNCA COMIGO NON  
PENSAR EN NADA COMO OEGA O  
MOMENTO?

COMO ISTO ACABE, CRUZAREI  
A LÍM-FOR FIN.



E SA NON SERÁ TAN DIFÍCIL.



MOBEE FOUER. PORQUE EU ANDE  
NON PODO.



ES UNAS PUTA FODER.  
UNAS PUTA.



¿ESTÁS BIEN?

A METODOLOGIA DOS TRANSPLANTES DE  
ORGÃOS É SEMPRE COMPLICADA PARA  
SER CONTROLADA POR UMA MAFA FER-  
DERRA-MUNHESTA COMO ESTA

OPERAÇÕES DE 6 A 8 HORAS COM EQUIPO  
ESPECIALIZADO DE 10 PESSOAS COMO MÍNIMO.

...É  
O MEU?

AQUÍ...

DIPLANTES EM MENOS DE DOIS DIAS E UM  
PROCESSO QUÍMICO DE CONSERVAÇÃO SOBRE  
O QUE A COMUNIDADE INTERNACIONAL  
PRÁTICA UM SEGUIMENTO EXHAUSTIVO

NOW TEN SEMO QUE EXISTE UM TÊRÇO DE  
ORGÃOS LEGAL, E BANDA ABU TU TÊRO TRES  
RILES

O FERREIRO, CONSEGUIU FÔRA NA LISTA

O TÊRÇO DE IMIGRANTES É A  
MÁ LINGUA PRATA PARA TENTAR  
INVERGUA POR QUÊ

POD BEO E PODQUE, AQUÍ SEM  
PAPIDE, É INFIL W À FARMACIA

PRATA POR  
RALAS... TRÁS  
RAZÓN RICO

...ASSI QUE  
VIVER

salvo e galinas por casa rido

OXENESIO



Que estamos no mellor dos momentos habidos até o de agora no que atinxe á banda deseñada galega parece ser algo que ninguén pon en cuestión. Que aínda pode chegar a estar moito mellor é outra idea que tamén obtén bastante consenso. Mais hai que dicir que cada día son máis as forzas a tirar do mesmo carro; máis e máis iniciativas que levan polo bo camiño a banda deseñada en ámbitos ben diversos: edición, medios de comunicación, bibliotecas, eventos de todo tipo... Todo iso súmase ao traballo realizado até agora. Loxicamente, non sempre son esforzos que se complementan con outros para lograren obxectivos de maior alcance, e moitas veces acaban parecendo baldíos; porén, hai que pensar que as sementes lanzadas en moitos casos acaban xermolando —e como proba están estes anos de traballo e os resultados acadados a pesar de tantas iniciativas falidas.

As **Xornadas de Banda Deseñada de Ourense** naceron con varios obxectivos: nomeadamente, darlle difusión á BD, gran descoñecida na nosa sociedade, e promover —e se puidese ser mesmo incitar— a realización de BD galega. Hoxe, moito se avanzou con respecto á situación que había naquela altura, en 1989. No territorio galego, e tamén no resto da Península. A creación no estado español dun Premio Nacional de Cómic —que excepcionalmente puxo de acordo todos os grupos parlamentarios—; a cada vez maior presenza en medios de comunicación; o crecemento en número e calidade das edicións, e, en xeral, a maior familiarización co tema da nosa sociedade son feitos que avalan a boa marcha desa evolución que vai, paulatinamente, normalizando a percepción dos cómics como unha manifestación cultural de primeira magnitude. O mellor deste panorama é que, dentro da Península, a BD galega está a verse como auténtica avanzada e fervedoiro de iniciativas. Oxalá continúe avante por moito tempo.

Esta décimo novena edición das **Xornadas** continúa a apostar por valores en alza da BD peninsular en mostras individuais —**Lola Lorente, Carlos Vermut, Pepo Pérez, Diego Blanco**— ou colectivas —**Injuve, Premio Castelao, Gzcrea, «Dez anos de BD galega»**—, sen esquecer olladas a outras latitudes —**ConSecuencias: Historieta uruguaya**— e outras épocas —**Riscos do natural**—, de **José Ruy**—. Tampouco esquece o seu **Laboratorio Galego de BD Experimental, Lab·Ou**, que nesta edición terá unha das súas convocatorias de exercicios colectivos. Son elementos dun programa que ano tras ano se vai reno-

vando, adaptándose aos cambios de panorama e ofrecendo, como de costume, un apoio aos creadores novos e os novos proxectos de edición, e en xeral a todas as iniciativas relacionadas no país.

E como complemento connatural ás **Xornadas**, este número d'**O Fanzine** ofrece artigos e entrevistas relativos ás exposicións e actividades do programa deste ano; a cargo da redacción destes textos, **Miguel Porto** e **Carlos Vermut**, autores ambos de BD; **Claudia Neira-Brochs**, licenciada en Ciencias da Información, lectora habitual de banda deseñada, que ademais participou en diversos fanzines como **Contubernio** ou **Chámalle X**; **Roberto X. Noya**, enciclopédico *connaissanceur* das viñetas, colaborador habitual de salóns de cómic de media Península (Viñetas desde o Atlántico, Jornadas de Avilés, Semana Negra, Xornadas de Ourense, etc.) e posuidor unha das bedetecas privadas máis importantes de Galicia. Canda eles, bandas deseñadas de autores galegos de diversas procedencias: despois da historia que inician as capas, da man de **Emma Ríos**, chegan outras de **Diego Blanco, Brais Rodríguez, Roque, Bernal, Hugo Covelo** e **Juan Luis Pérez**; salvo este último, todos eles participantes do Colectivo Polaquia, galardoado este ano co Premio Ourense de BD, e un dos importantes núcleos de actividade actual do cómic galego.



© Diego Blanco

# XORNADAS

A décimo novena edición das Xornadas de Banda Deseñada cumpre coa súa cita anual, traendo múltiples olladas ao panorama do cómic de maior actualidade, sen esquecer tampouco as miradas retrospectivas.

Entre as exposicións deste ano brillan con luz propia as monográficas dedicadas a Lola Lorente, Carlos Vermut e Pepo Pérez. Lola Lorente é unha das máis activas colaboradoras do desaparecido *Fanzine Enfermo*, e merecedora de varios premios en concursos, como o accésit na categoría de Cómic no Certame Injuve de 2003 e o premio na de Ilustración no mesmo certame en 2006. Publicou as súas BD tamén en revistas como *NSLM*, *Dos Veces Breve*, *TOS*, *Humo* e *Ganadería Trashumante*. Carlos Vermut, colaborador como ilustrador de xornais e revistas como *El Mundo* ou *Man*, publicou banda deseñada en *Dos Veces Breve*, *¡Dibus!*, *El Manglar* ou a nova etapa de *BD Banda*; en 2006 publicou o álbum *El banyan rojo* (Dibbuks) e conseguiu tamén un dos premios Injuve de Cómic e Ilustración. Pepo Pérez, pola súa parte, colabora ilustrando artigos para *Rockdelux*; como debuxante de BD é especialmente coñecido polos dous álbums da serie *El vecino* (Astiberri, 2004-2006, con guión de Santiago García). É ademais crítico e teórico de cómics en revistas como *U*, *Volumen*, *9º Arte*, *Rockdelux* e *El Periódico de Catalunya*, así como a través do seu *weblog Con C de Arte*.

Volvendo a ollada á BD histórica, e seguindo coa tradición das **Xornadas** de manter o contacto coa banda deseñada portuguesa, esta edición trae a Ourense a exposición **Riscos do natural**, de José Ruy. Ruy (Amadora, 1930) é un dos clásicos do cómic feito no país veciño, con participación en case todas as revistas clásicas de BD do mercado luso, como *O Mosquito* ou *O Cavaleiro Andante*. Posteriormente, pasou elaborar álbums de banda deseñada, nun momento en que o que primaba eran os contidos educativos en todo tipo de áreas; así, foi o que introduciu en Portugal a adaptación de obras literarias a BD con *Os Lusíadas*, e fixo unha *História da Cruz Vermelha* que foi traducida a dez idiomas polo propio comité internacional da Cruz Vermelha en Xenebra. A exposición, organizada polo **Centro Nacional de Banda Desenhada e Imagem da Amadora**, pretende facer un repaso pola súa extensa carreira, amosando orixinais e bosquexos.

Alén disto, as **Xornadas** repiten a experiencia da microexposición **Delicatessen**, unha mostra composta por só dez pranchas no espazo expositivo da Biblioteca do Campus

*Viñeta dun dos traballos de David Rubin seleccionados no Certamen Injuve 2006*



# DE 2007

Para maior información sobre as actividades das XIX Xornadas pode consultarse o programa de man, gratuito, e a web [www.casaxou.com/bd](http://www.casaxou.com/bd)



Unha das viñetas da BD de Hernán Rodríguez incluída na mostra «ConSecuencias. Historieta uruguaya»

de Ourense. Nesta edición, o autor seleccionado é **Diego Blanco**, premiado en distintos certames e activo membro do colectivo **Polaqia**. **Blanco** publicou en fanzines e revistas como *Carne Líquida* ou *Barsowia*, e forma parte da experiencia colectiva de **Ediciones Ultralimitadas**. En 2006 colaborou nas publicacións colectivas *Capital* (De Ponent) e *Barsowia en llamas* (Dolmen), e publicou o seu monográfico *Tanque familiar*.

Entre as exposicións colectivas desta edición das **Xornadas**, destacan a do **Certamen Injuve de Cómic e Ilustración 2006**, organizado polo Instituto de la Juventud, con presenza entre os premiados de varios galegos (**David Rubín**, **Diego Blanco**, **Brais Rodríguez** e **Roque Romero**), así como do propio **Carlos Vermut**; a titulada *ConSecuencias: Historieta uruguaya*, coordinada por **Felipe Hernández Cava** tamén para o Injuve, cunha ollada ao panorama actual dos autores de BD no Uruguai; *Dez anos de BD galega*, organizada pola Agpi (Asociación Galega de Profesionais da Ilustración), coa colaboración do festival Viñetas desde o Atlántico e as **Xornadas**, que constitúe un repaso aos autores fundamentais nestes últimos anos no panorama da banda deseñada en Galicia; **GZcrea 2007**, con pranchas dos traballos gañadores e seleccionados na modalidade de Banda Deseñada do Certame Galego de Creadores Novos, convocado pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Xunta de Galicia; e a do **Premio Castelao 2007**, que contén as páxinas do álbum *Aventuras de Cacauequi (Edición anotada)*, de **Jacobo Fernández**, gañador deste concurso convocado pola Deputación da Coruña.

Encontros cos autores convidados, actividades colectivas do Lab·Ou (Laboratorio Galego de BD Experimental), presentacións de publicacións, e a entrega do Premios Ourense de BD compoñen o resto do programa.

Páxina da obra de **Jacobo Fernández** gañadora do Premio Castelao 2007



# Diego Blanco, o debuxante «tranquilo»

CLAUDIA NEIRA

Hai tempo xa, nos anos de instituto cando comezou a publicarse o fanzine **Contubernio**, **Diego Blanco** era ese rapaz alto e delgado que falaba baixinho e que podía debuxar o que fose á velocidade do raio: historias de trazo escuro sobre vampiros ou tramas futuristas, debuxos estilo *cartoon* para a parodia Xan do Can ou as historias da Hirazita, ducias de masóns... Unha máquina que con apenas 16 anos xa tiña preparado un cómic de máis de 100 páxinas, **Soberbia Inc.**, que pola súa extensión tivo que ser adaptado e resumido para encaixar coa esperanza de vida media do fanzine.

Fóra de Viveiro, mentres estudaba Belas Artes na facultade de Pontevedra, Diego puido continuar o seu ritmo de produción en numerosos fanzines, como **Pilas**, **Condomes y Cintas Virgenes**, **Sintoteca** e **Leña Verde**. Nesta etapa nace tamén *Carne Líquida*, un fanzine concibido en noites en vela no piso de estudantes que **Diego** compartiu con **Brais Rodríguez**, **Roque Romero** e **Bernal** —membros todos da nova fornada de autores galegos de banda deseñada—. Resulta tarefa difícil, cando non imposible, reconecer a **Diego Blanco** nas páxinas de **Carne Líquida**, máis aínda cando el mesmo considera o fanzine como unha válvula de escape. Como toda etapa universitaria, os anos en Pontevedra permitíronlle experimentar, pero sobre todo poñerse en contacto con outros coma el, co demo do debuxo no corpo, entrando a formar parte do colectivo Polaqa e a colaborar de forma activa no fanzine **Barsowia**. Chegaron tamén os premios, co primeiro posto no Certame Galego de Imaxe Artística – Xuventude 2002, na modalidade de Banda Deseñada, o accésit no certame de ilustración do Injuve 2005 e o premio á mellor obra de cómic *on line* no Certamen de Cómic de Portugaleta.

Rematados os estudos universitarios, **Diego** continúa sendo aquel rapaz alto e bastante calado capaz de debuxar calquera cousa, mais o seu estilo abandona o hiperrealismo e as liñas recargadas da adolescencia para facerse cun trazo máis limpo, no que as sombras dotan de maior profundidade aos personaxes. «Todos comezamos dalgún xeito así, debuxando historias *macarras*; agora eu sigo facendo o

mesmo pero doutra forma», comenta. Un exemplo: **Tanque familiar** (2006), autoeditada baixo o selo de Polaqa, é o primeiro comic-book que Diego publica como guionista e debuxante. A idea dunha familia humana que sobrevive dentro dun tanque de demolicións nun mundo dominado polos mutantes a priori non se afasta demasiado das primeiras historias «macarras» publicadas no **Contubernio**. A diferenza é que agora as tramas se fan máis sinxelas e o humor, negro ou absurdo, enchoupa toda a historia permitindo á súa vez que emerxa nela certa reflexión sobre a intolerancia e a soberbia da humanidade nunha terra baldía que xa non lle pertence.

A vida adulta e as responsabilidades laborais non conseguen afastalo do lapis e o papel, senón que parecen darlle novas ideas para non frear a máquina e diversificar a súa produción. Continúa debuxando no **Barsowia**, e en **Carne líquida**, e combina as súas aparicións en fanzines —colaborou n'**O Fanzine das Xornadas** dos anos 2002 e 2004— con diversos traballos de deseño e ilustración en papel e *on line*. A súa última incursión neste campo é a creación da páxina web Ediciones Ultralimitadas (<http://edicionesultralimitadas.iespana.es>), escaparate que acolle en formato de caderniños electrónicos obras súas como as ilustracións **Los animales del bosque**, pero tamén cómics ou catálogos doutros autores como **Roque Romero**, **Brais Rodríguez** e **Jano**.

Coa novela gráfica **Pinche mundo** (Polaqa, 2007), da que **Kike Benlloch** é guionista, **Diego** amosa que non só continúa a ter unha facilidade increíble para o debuxo —conseguindo co trazo mínimo a maior expresividade— senón tamén para narrar a través das viñetas e compoñer a acción en cada cadro.

A pesar da década que transcorreu desde os anos no instituto, **Diego Blanco** segue sendo alto e delgado e nunca lle escoitei erguer a voz ao falar. Pero non ten problemas para facerse oír a través das súas ilustracións, dos seus cómics, que falan por el. Cada vez máis alto e máis claro.



A gran final  
Guión e debuxos:  
**Diego Blanco**  
© 2007 Diego Blanco

Viñeta dunha BD  
de **Diego Blanco**  
publicada no  
número 9  
de 'Barsowia'

# A GRAN FINAL

"MIRÁDEO AÍ ESTÁ, CAMIÑA QUE CAMIÑA SEMPRE NA PROCURA DE ALGO QUE LEVAR Á BOCA, DUN LUGAR ONDE ACOBILLARSE OU DE ALGUÉN CON QUEM FALAR. HAÍ MESES QUE XA NON ATOPA NINGUÉN. ¿QUE É O QUE O MANTÉN EN PÉ? ¿POR QUE NON PERDE TODA ESPERANZA? ¿CASO LLE QUEDA ALGÚN MOTIVO PARA CREER NUN FUTURO PARA EL OU A SÚA RAZA?"



"DESPOIS DAS GUERRAS, DAS EPIDEMIAS E OUTRAS CATASTROFES NON QUEDA MÁIS QUE RESTOS DE DESTRUCCIÓN E DESOLACIÓN MIRE A ONDE MIRE"

"SI ÁS VECES INVÁDEO A SENSACIÓN DE QUE EL É O ÚNICO SUPERVIVENTE PERO PESAR DISO EL SIGUE A BUSCAR. NESTE MUNDO RUIOSO BUSCAR... E BUSCAR."



"E AÍ SIGUE. PRIMEIRO UN DESERTO RADIATIVO, DESPOIS UNHA CIDADE MORTA E DESPOIS... OUTRO DESERTO. ¿CANTO MÁIS O PODERÁ ATURAR? ¿ATA ONDE PODERÁ CHEGAR?"





HA QUE VER  
COMO  
XOGACHES  
DÉCHESLLE  
EMOÓN O  
TEMA ATA O  
FINAL



PE.  
PERO.

!!¿.QUE  
CARALLO?!!



NON QUEDES AÍ  
TRADO HOME, NON  
É DIGNO D'UN  
GANADOR ABSOLUTO  
COMA TÍ.

¿¿.QUE?¿



¿.QUE ESTÁ  
PASANDO?¿  
¿QUEN É  
VOSTEDE?.

BEN, RAPAZ,  
ISTO  
ACABOU E  
VMOS  
FELIOTARTE.

¿NON TE  
DAS CONTA?¿



RAPAZ,  
CHEGACHES  
AO FINAL.

XA NON  
QUEDA NINGUÉN  
MÁS

IES O  
ÚLTIMO HOME  
VNO!

!!¿COMO?!!



..E ISO DÁCHE DEREITO A ESCOLLER  
ENTRE UNHA DAS TRES PORTAS! TRAS  
CADA UNHA ACOCHASE UN PREMIO..

¡SORPRESAS  
FASCINANTES!



¿SABES? FOI UNHA FINAL  
MOI DIFÍCIL, PERO XOGACHES  
BEN AS TÚAS CARTAS DIME,  
RAPAZ, ¿NON QUERES SABER  
QUEN É O OUTRO FINALISTA  
CONTRA O QUE  
GANACHES?¿

¿¿.FINALISTA?¿



¡POIS CLARO! MIRA, AQUÍ VÉN A  
MOZA AZAFATA COA PANTALLA PARA  
VER A REPETICÓN DA GRAN FINAL.



..NENHA XOGADA  
ARRISCADA, O TEU  
CONTRINCANTE NON  
TVO TANTA SORTE E  
FOI DEVORADO POR  
RATAS MUTANTES..

!!!AAARGH!!!  
¡DEUS, NON!

HA ¡NICKOLAY  
ABRAMOVICH!!!QUE  
FINAL MÁIS APROPIADO  
PARA ESA RATA!



...ESE FILLO DE  
PUTA MERECEU  
REMATAR ASÍ. HA DÚAS  
SEMANAS TENTOU  
ROUBARME ALGUNHAS  
PROVISIONS..

..¡WAAA! CREO QUE ESTE PAILÁN NON ACABA  
D'E ENTENDER BEN A SITUACÓN..

# LOLA LORENTE:

## DICIONARIO COMENTADO DE TERMOS

(ordenados alfabeticamente para facilitar a súa lectura)

ROBERTO X. NOYA

### Autora/artista

Unha autora é unha persoa que crea obras; cando estas obras son «obras de arte» temos unha artista. Porén, atopámonos cun problema cando tentamos definir a arte, xa que nin sequera os expertos se poñen de acordo; podemos adoptar as palabras de **Arnold Hauser** («As obras de arte son provocacións coas cales polemizamos»), ou calquera outras, é o mesmo. O interesante é trasladar o debate á autora/artista: nace ou faise? **Lola Lorente** naceu en Bigastro (Alacante) en 1980, e da súa infancia, puberdade e adolescencia só temos un dato claro: nun intre da súa vida, as súas inquedanzas encamiñárona a ser autora/artista. Estas mesmas inquedanzas incitárona a cursar a carreira de Belas Artes en Valencia.

### Compañeiros

Os que te acompañan, os que sentes que están ao teu carón, non tan a miúdo como a túa sombra pero máis cá televisión. Os compañeiros poden xurdir en calquera momento da túa vida, e por moi diversos motivos, como poden ser as inquedanzas intelectuais. **Lola Lorente** tivo a sorte de coñecer

cara ao final da carreira de Belas Artes a **Alberto Vázquez** e **Félix Díaz (elfélix)**, cos que compartiu, e comparte, un interese común pola ilustración e a narración por medio de debuxos. Os teus compañeiros poden estimularte animándote a entrar en mundos que non coñecías (ver entrada *influencias*).

### 'Fanzine Enfermo'

Produto pertencente ao grupo **Nuevo Orden**, segundo reza o seu primeiro número, onde **Nuevo Orden** usa a gráfica narrativa como medio de expresión; tristes novas indican que finou no seu oitavo número. Esta revista de afeccionados ('fan' + 'magazine'), cuxos primeiros membros foron **Félix Díaz, Lola Lorente, Alberto Vázquez, Dani García, Jano** e **Brais**, acadou unha gran repercusión no medio da banda deseñada española e significou o rexurdimento do que algúns cualificamos como *prozine* ('professional' + 'magazine'), pois varios dos seus autores (**Alberto** e **Jano**) publicaran profesionalmente. O **Fanzine Enfermo** xurdiu da necesidade destes creadores de daren a coñecer a súa obra, de comunicárense cos demais, e o que é máis impor-

Capas do número 3 de 'Fanzine Enfermo'





Fragmento do «Diccionario de términos» premiado polo Injuve

tante, de facelo sen limitaren a súa capacidade de expresión nin as súas ganas de experimentaren escapando de contidos comerciais. É no **Fanzine Enfermo** onde empeza a publicar con regularidade Lola Lorente.

### Impresionar/influenciar

Fixar dun xeito conmovedor un sentimento en alguén. Cando a impresión consegue mudar os teus costumes, gustos e xeitos de facer as cousas, dise que te influencia. **Lola Lorente** entrou no mundo da narrativa gráfica a través de **Maus**, a obra de **Art Spiegelman** gañadora dun Pulitzer, e dende entón impresionouse con este medio e o seu mundo. Nesta época bebía das revistas de liberdade creativa como



Viñeta da BD «Desaparecida», para 'Humo' n.º 1

**Nosotros Somos Los Muertos** e de certas iniciativas editoriais que antepuñan a independencia do artista fronte á comercialidade, como foron, e seguen a ser, a editora valenciana De Ponent ou a francesa L'Association. Nelas coñeceu e fica impresionada/influenciada por unha serie de autores como **Blanquet, Anke Feuchtenberger, Charles Burns, Daniel Clowes, Chris Ware, Dave Cooper, Mattotti, Blutch, Jason, Chris Ware, Ludovic Debeurme** e os nacionais **Ana Juan, María Colino, Luci Gutiérrez, Raúl,**

**Arnal Ballester, Linhart, Alberto Vázquez, Paco Alcázar, Isidro Ferrer e Ajubel.** Podemos engrosar esta lista de nomes engadindo series de televisión con contidos e desenvolvemento estraños, mais con personaxes exquisitamente definidos e caracterizados, como *A dos metros bajo tierra (Six Feet Under)*, *Carnivale*, *Twin Peaks*, etc., ou filmes como *Sunset Boulevard*, *Que foi de Baby Jane*, *Benvidos á casa de bonecas*, *Taxi Driver*, *Dentro do labirinto...*

### Injuve

O Instituto de la Juventud, que dende hai anos mantén un certame onde se premia os xoves polos seus labores artísticos, entre eles a banda deseñada e a ilustración. En 2003 **Lola Lorente** conseguiu un accésit en BD co seu relato **Chica solitaria**, e foi esta a súa primeira incursión coñecida no mundo da narrativa gráfica. Cando acode á exposición en Madrid, gústanlle moitos dos traballos dos alumnos da Escola Massana. En 2006 gañou o premio Injuve na categoría de ilustración cun moi interesante traballo denominado **Definiciones de términos.**

### Massana, Escola

Escola de Barcelona onde pode estudarse ilustración con profesores tan ilustres como **Arnal Ballester** ou **Pep Montserrat**. Unha vez acabada Belas Artes, **Lola Lorente** entrou na Massana para continuar a súa formación académica. Sobre a súa formación, a autora/artista comenta: «Cando tes un obxectivo claro, narrar facendo imaxes, sabes levar ao teu terreo aquilo que estudas». Este aproveitamento queda patente na gran variedade de técnicas que **Lola Lorente** aplica, sobre todo no campo da ilustración.

### Miocardio

É o órgano encargado de bombear sangue para que o corpo poida vivir; en xerga romántica atribúeselle a capacidade de sufrir por mor dos sentimentos. Os protagonistas das historias de **Lola Lorente** parecen ter unha afección cardíaca sentimental crónica. Porén, moi intelixentemente, os sentimentos limitanse a aqueles que afectan ás relacións persoais, sen importar que as outras persoas sexan reais ou imaxinarias, estean presentes ou ausentes. Nalgúns casos a pasividade dos protagonistas arríncanos un sorriso, cando chegamos a dubidar que existan latexos nos seus corazóns.

### Mirada

Aquilo que captamos coa vista, sexamos conscientes ou non. **Lola Lorente** mantén unha ollada sempre distante do mundo onde viven os seus protagonistas. Este mundo, semellante ao noso, viaxa entre o surreal e o irreal, entre a cidade e o escuro bosque.

### Morte

Final do camiño chamado vida. Se o corazón, o miocardio, é o sustento da vida, o final desta, a morte, tamén se move na obra de **Lola Lorente** con parámetros distintos dos da nosa realidade. Moi acotío é un final, mais ás veces é tamén unha necesidade, unha ameaza ou un estado.

### Muller

Contraposición ao ser humano masculino ou home. A obra de **Lola Lorente** é claramente feminina, en canto a forma e contido; non confundir con feminista. Nas ilustracións é onde máis claramente nos decatamos diso. Son imaxes



que falan por si mesmas con certo afán satírico burlesco, ou mellor sería dicir crítico, nas que hai unha denuncia dos canons estéticos que a sociedade nos tenta impor. É a visión dunha muller con voz de seu para o mundo, sexamos tanto femininos coma masculinos. No que respecta á narrativa gráfica, o home non existe con entidade propia. Son simples obxectos onde as emocións e os costumes propiamente masculinos son extirpados; precisamente por isto non poden ser xulgados como entes cun rol sexual.

### Neno/rapaz

Primeira etapa na vida do ser humano; asúmese este ser como débil e inocente, aínda que outras visións o fan egoísta e de natureza cruel. A última produción narrativa de **Lola Lorente** aproveita esta dicotomía, os seus protagonistas tórnanse por momentos moito máis vulnerábeis. Ou moito máis odiosos.

### Narración gráfica/banda deseñada

Ilustracións xustapostas e outras imaxes en secuencia deliberada, co propósito de transmitir información e obter unha resposta estética do lector. En certo modo, a **Lola Lorente** podemos considerala debedora, ou herdeira, do conto literario clásico, máis polo contido e a estrutura das súas historias que pola forma, pois non tránsito que hai entre unha ilustración acompañada dun texto e a narrativa gráfica evoluciona vertixinosamente, dominando sen complexos os recursos propios da banda deseñada. Deste xeito, é quen



Detalle dunha páxina para 'Fanzine Enfermo' n.º 6

de prescindir totalmente dos textos de apoio, de crear fermosas secuencias de viñetas onde non hai unha soa palabra, de introducir nos seus diálogos cadros mudos cheos de emocións, de prescindir dos marcos nas viñetas procurando novas formas de que os nosos ollos flúan pola páxina, e todo iso sen o menor esforzo para o lector; se cadra é nisto onde se atopa a súa mellor aposta, no sinxelo que é ler calquera das súas historias.

### Novela gráfica

Denominación que adquire a narrativa gráfica de formato pechado pero sen límite de páxinas; aceptamos por válida esta definición se serve para dignificar e aumentar as vendas no mercado da cultura seria ou para adultos. Despois de **Desaparecida**, a historia que **Lola Lorente** publicou nos tres primeiros números de **Humo**, onde aínda que os capítulos son autoconclusivos se

nota claramente unha continuidade e acabarían por converterse nun relato longo, recibimos o anuncio de que en breve publicará **Sangre de mi sangre**. É a historia de dous amigos adolescentes, mozo e moza, e a relación que os une. Viven nun mundo imaxinario tentando escapar da súa realidade, inventando unha serie de xogos imaxinarios para representaren as vidas que devecen por ter. Neste país publicar a día de hoxe unha novela gráfica, sobre todo coa carga comercial que teñen eses termos, é o primeiro paso para deixarse de ser unha promesa e converterte nun autor consagrado. Que podemos dicir? Aledámonos por ti, Lola.

Secuencia de «Máscara», colaboración con Alberto Vázquez publicada na revista 'TOS'









PÁSONME A VIDA PENSANDO NAS CATRO PATAS DE MÁIS QUE TEÑO. DE FEITO CHEGUEI A ABSURDA CONCLUSIÓN DE QUE A SÚA FUNCIÓN É FACERME PENSAR NO SEU SENTIDO.



PORQUE NUNCA ACADEI OUTRA FUNCIÓN, OUTRO DESTINO. RESIGNARME E NA MIÑA INTIMIDADE, DARLLE VOLTAS O SENTIDO DESTA PECULIAR EXISTENCIA.



PERO TODOS TE QUEREMOS EN CASA, VIVES COMO UN REI; E AS FELINAS DA TUA ESPECIE NON CONTEMPLAN CON MALOS OLLOS A TUA PECULIARIDADE CANDO AS SUAS HORMONAS CHE SOLICITAN.

NON ME FAGAS FALAR DO AMOR, QUERIDO AMIGO



NON ME QUEIXO DO PRÁGER DA CARNE QUE A VIDA ME FACILITA PARA FATIGAR AS MIÑAS DESGRAZAS; CERTO É QUE NUNCA ME FALTOU.

PERO O AMOR NUNCA BEN SE PORTOU COMIGO; ¿QUE BOA FELINA SÁ DESEXAR UN GATO DE OITO PATAS PARA COIDAR DELA E DE SEUS FILLOS?



¡ANDA! COMO SE TI NON FOSSES UN BO LIBERTINO... ¡O QUE TES É UN CONTO...!

SI, QUIZAIS POR ISO TEÑO OITO PATAS, PARA MANTERME BEN ERGUÍDO E QUE TI NON NOTES CANDO ME FRAQUEAN AS FORZAS



BEN, BEN... VOULLE SOLTAR O CONTO A ALGUNHA GATIÑA POR AÍ, QUE AS MIÑAS TRAXEDIAS NON CHE RESULTAN MÁIS CA VULGARES COMEDIAS

MALDITA TESTOSTERONA

# PEPO PÉREZ

## O extraño caso do Profesor Pérez e SuperPepo

ÓSCAR IGLESIAS ÁLVAREZ

Até que Juan Carlos *Pepo* Pérez (Málaga, 1969) comezou a publicar *El vecino*, case todos os autores españois interesados no xénero superheróico cruzaban o Atlántico para traballaren nas mastodónticas e anquilosadas editoras Marvel ou DC. Por sorte para nós, el ficou aquí, tornou a vista para o Mediterráneo e trouxo novos aires máis europeos e revisionistas a esta trillada temática, unha achega gráfica que lle valeu unha nominación a autor revelación no Saló de Barcelona.

Pero se algún snob pensase (con inxustos prexuízos) que este autodidacta artista só é quen de debuxar historias de loitadores contra o crime en pixama, trabucaría-se estrepitosamente: **Pepo** é ademais un reputado ilustrador (desde 1997 colabora habitualmente co prestixioso mensual de tendencias *Rockdelux*) e un dos críticos e teóricos sobre a banda deseñada máis militantes, amenos e polémicos que temos no noso país. E todo isto no tempo de lecer que lle deixa o seu traballo «de verdade» de profesor universitario. Os visitantes da extensa exposición antolóxica que este ano lle dedican as **Xornadas** terán a sorte de descubrir varias das mil caras deste polifacético creador. Quen queira coñecer a súa vertente de ideólogo comiqueiro, difícil de amosar nun museo, poderá facelo no seu *weblog Con C de Arte* (<http://concadearte.blogspot.com>), unha bitácora imprescindible tanto para neófitos como para habituais e expertos, ou na seguinte entrevista.

—Admites ter un pasado de lector de BD de superheróicos, xénero polo que sentes especial debilidade, pero desde hai un tempo quizais se che nota máis a influencia da nova xeración de artistas franceses, xente como Blain, Dupuy & Berberian ou Blutch. Quen son os teus autores favoritos? Que creadores che deixaron máis pegada?

—Pois precisamente esa mestura que indicas, americana e europea. Os grandes debuxantes americanos de superheróicos, **Jack Kirby, Gil Kane, Steve Ditko, Ross Andru**, etc., e tamén outros non tan encadrábeis nese xénero, como **Will Eisner**, que é o Pai da banda deseñada moderna, ou **Frank Miller**. Polo lado europeo, **Jean-Claude Mézières** e todos os franceses que mencionas, **Christophe Blain, Joann Sfar, Blutch, Dupuy & Berberian** (aínda que estes últimos xa non tanto), etc., que son moi bos e me influíron bastante. **Emmanuel Guibert** tamén é outro autor da «nouvelle BD» que me parece boísimo. Ultimamente tamén estou

a redescubrir a **Hergé**, a quen non reliá desde hai bastantes anos. Estiven a estudalo e seica toda a súa fama é merecida, coído que o seu traballo é impresionante e completamente vivente... Do *manga* interésanme cousas puntuais, a verdade é que me inflúe moito menos. De aquí, o autor que máis me influíu foi **Carlos Giménez**, foi o primeiro autor español que realmente me impactou. Descubrí as súas BD con doce anos e copieinas todo o que puíden para aprender, do mesmo xeito que facía naquel tempo cos *Spirit* de Eisner.

—Un dos teus primeiros traballos publicados foi *Orígenes Jaque Mate: Sangre*, con guión de J. C. Cereza, un *comic-book* de 48 páxinas *spin-off* doutra serie anterior, que apareceu baixo o selo «Laberinto» de Planeta DeAgostini (unha das poucas iniciativas que tiveron as grandes editoriais de editar e crear industria con autores locais). Que lembranzas desta experiencia iniciática?

—Lémbroa con agarimo porque foi o meu primeiro traballo profesional. Se che son sincero, o guión non me interesaba demasiado, mais o coordinador de *Laberinto*, **Toni Guiral**, brindoume a oportunidade e non quixen desaproveitala. Precisamente porque quería pórme a proba para ver se era quen de cumprir uns prazos de entrega, de realizar o traballo no menor tempo posíbel seguindo unha disciplina, etc. En fin, de ver se podía traballar nisto como profesional. Foi unha chea de traballo que me pillou por sorpresa —coído que nunca sabes o tempo e esforzo que custa debuxar unha BD até que o fas de verdade—, mais lémbroo con agarimo, abofé. Debuxeino entre outubro de 1998 e marzo de 1999, no meu tempo de lecer, traballando acotío polas noites...

—Até este momento a túa *magna opus* está a ser *El vecino*, unha serie escrita por Santiago García da cal sairon dous álbums publicados por Astiberri. Nela, estades a dar unha reviravolta aos estereotipos superheróicos, adaptándoos á

Extracto dunha historia curta de 'El vecino' para a revista 'El Manglar'



**idiosincrasia hispana e amosándoos desde enfoques a priori diferentes e innovadores (costumismo humorístico na primeira entrega, e drama con fondo social na máis recente). O brutal cambio de rexistro estaba planeado?**

—Sí, totalmente planeado. **Santiago** tiña no máxin o cambio de rexistro e falouno comigo para anticiparmo, así que eu tamén me preparei para o cambio gráfico. Porque a historia do segundo álbum precisaba outro tipo de debuxo, distinto do primeiro.

**—Estás enredado no desenvolvemento da historia, ou só te encargas de debuxala?**

—Santiago é o responsábel da historia. Eu fago suxestións cando xa ten o guión escrito, discutímolos, pero sempre sobre escenas concretas ou sobre desenvolvementos de personaxes. A estrutura e a esencia da historia, e tamén os diálogos, son seus. Pola miña banda, procuro entender qué piden as súas historias e os seus personaxes, gráfica e narrativamente, e tento plasmarlo tanto no deseño destes últimos coma no grafismo e na planificación.



Viñeta do tomo 1 da serie 'El vecino'

**—Como levas o de realizar álbums de 50 e tantas páxinas dunha vez?**

—Non os fago dunha vez. Fágoo no meu tempo de lecer, eu vivo doutro traballo. Pero a estas alturas non me supón ningún sufrimento dedicar parte do meu tempo libre a debuxar *El vecino*; fágoo porque me gusta. Porén, ás veces todo se converte nun túnel que parece que nunca remata. É longo, son dous anos para debuxar e colorear. Se non traballase noutra cousa tardaría moito menos, abofé.

**—Estalle a gustar ao público a vosa iconoclasta aproximación a este xénero?**

—De momento parece que sí, supoño que algo verán nisto. Penso que debe de ser o elemento humano e tamén o que recoñecen do ambiente costumista, aínda que en realidade non sexa unha serie realista. O segundo álbum recibíuse bastante ben, vai ben de vendas e ademais está a tirar do primeiro, que tampouco foi mal. Sabemos que hai xente que descubriu a serie no segundo álbum —a historia enténdese aínda que non se lese o primeiro—, e que despois mercaron o anterior porque querían ler máis sobre os personaxes.

**—Unha vez rematado este proxecto, cres que che quedarán ganas de facer outra historia con superheroes, ou para ti esta é a derradeira?**

—Quen sabe? A min gústame moito o xénero dos superheroes, e a **Santiago** tamén, así que xa veremos. De todos os xeitos, **El vecino** serán cinco álbums, polo que aínda queda moito traballo por diante. Tamén teño na cabeza un proxecto de libro en solitario que devezoo por facer; de feito, debería estar traballando nel agora mesmo mais sonche moi preguiceiro.

**—Con Santiago realizaches varias BD curtas que apareceron na revista NSLM. Outro autor con quen colaboraches a miúdo facendo páxinas soltas é Juanjo Sáez. Agora mesmo, o único traballo teu como autor completo que lembramos é o teu cómic para a escolma *La historia del blues*. Voluntariamente prefires traballar en equipo? Pásalo mellor creando a medias con alguén?**

—Sinceramente, traballo mellor en equipo. Como acabo de dicirche, eu só son bastante preguiceiro, e tamén inseguro. Porén, traballando canda alguén estímulo e esforzome máis. Sobre todo se é alguén cuxo traballo me parece moi bo, como no caso de **Juanjo** ou **Santiago**.

**—Fóra da banda deseñada, a obra pola que es máis (re)coñecido é a túa colaboración na revista musical *Rockdelux*. Normalmente ilustras a sección de opinión política «Manifesto!», pero tamén hai debuxos teus acompañando artigos diversos. Gustas destas encomendas?**

—Sí, claro, aínda que ás veces o tema non me suxire nada ou é difícil de ilustrar; non che vou negar que nalgún caso concreto foi un pesadelo facer a ilustración. Ás veces incluso dei a miña propia opinión a través da idea que expresaba o debuxo, e non sempre era coincidente co texto. Ademais do da **Rockdelux**, realicei encomendas para publicidade e tamén para outras publicacións, mais en verdade non me movín moito polo campo da ilustración, só o que me sae de cando en vez. Traballo abondo teño co que xa teño, co meu traballo «de verdade» e con facer BD.

**—Banda deseñada e ilustración son medios compatíbeis e equiparábeis para ti como debuxante ou prefires un sobre o outro?**

—Prefiro a banda deseñada, aínda que a ilustración é tamén moi interesante porque ten unha linguaxe propia que te obriga a concentrarte, a pensar arreo e a depurar moito a idea final. Sí, por riba de todo eu sempre quixen facer cómics.

**—En *Rockdelux* tamén te ocupas da sección de crítica de banda deseñada. Esta outra faceta túa puidémola ver en**

revistas teóricas como *U e Volumen*, en *El Periódico de Catalunya* ou no teu *weblog Con C de Arte*. Como levas o de estar en ambos os dous lados da barreira, sendo autor e crítico?

—Pois ben porque non é nada novo. O do autor que se mete a teorizar é moi vello e existiu en todas as disciplinas artísticas, tamén no cómic, aínda que neste caso adoitan ser os guionistas os que se poñen a escribir como teóricos. Todos os autores son teóricos aínda que ás veces non o recoñezan, outra cosa é que despois te decidas a expresar en público as túas teorías. Iso xa depende de cada un.

—Ser crítico axúdache no teu labor de debuxante e viceversa, ou son aspectos independentes que nunca se mesturan?

—Non é independente e naturalmente que axuda, todo vai unido. Mentres debuxas un cómic cavilas criticamente sobre o que estás a facer, máis tamén fas o mesmo ao leres as bandas deseñadas dos demais. Todo iso váleche despois para enfocar o teu traballo e tentar melloralo.

—Cal sería a túa meta como divulgador?

—Que se eu penso que unha BD paga a pena, e por iso mesmo escribo sobre ela, o lector tamén se decida a descubrir esa BD. Cantos máis lectores haxa, mellor.

—Non queríamos desaproveitar a oportunidade de pedirle a un dos analistas máis activos e comprometidos da *blogosfera* bedeística a súa opinión persoal sobre a banda deseñada como medio e a súa situación actual no noso país. Nós somos bastante optimistas, pero hai anos que non deixan de escoitarse valoracións negativas e agoiros no

sector. Ti estás entre os do vaso medio cheo ou os do vaso medio baleiro?

—Non houbo un momento tan bo na banda deseñada en España desde hai décadas. En determinados aspectos —calidade de edición, cantidade e variedade de títulos, difusión en medios xerais— eu diría que podería ser o mellor momento da nosa historia. Ademais, coído que isto aínda non fixo senón comezar, especialmente en canto ao recoñecemento desde o ámbito cultural e universitario, que vai a ir a máis nos vindeiros anos. Creo que con iso cho digo todo.

—Por último, arríscate a plasmar en catro ou cinco frases unha apreciación sincera e esclarecedora sobre a novena arte e as súas

circunstancias coa que poder instruír alguén alleo ao tema?

—Penso sinceramente que a banda deseñada segue a ser un medio artístico e de comunicación moi válido para o noso tempo. E éo porque combina certas virtudes da literatura —especialmente, a intimidade que xera a relación entre o lector e o libro, porque o lector ten que pór da súa parte, evocar, completar mentalmente o que lle están a contar— coa linguaxe visual das imaxes, que a día de hoxe segue a ser a predominante nos medios de comunicación, sobre todo entre as xeracións máis novas. Por outra banda, o cómic ten unha inmediatez que encaixa co tipo de vida actual, tan acelerado e competitivo, porque unha BD se lle máis rápido que un libro grazas precisamente aos debuxos. Non estou a dicir que o noso estilo de vida sexa estupendo ou o máis óptimo, só digo que a banda deseñada encaixa ben nel. Só cómpre ollar para Xapón, onde todo o mundo vai no metro camiño do traballo lendo BD.



Pormenor dunha prancha do tomo 2 de 'El vecino'

Secuencia de «Vida y muerte de una buena idea», con guión de Santiago García, no número 12 de 'NSLM'













# DÚAS VISIONS SOBRE CARLOS VERMUT

Propuxemos un xogo a dous amigos: escribiren sobre a mesma persoa, o autor Carlos Vermut. Eis o resultado.

## Carlos Vermut: Todos lle din «I love you»

MIGUEL PORTO

Non aturo a Urasawa dende o tomo 18 de *20th Century Boys*; toda a intriga e a maxia de agardar ansioso a saída dun novo tomo, perdida. Sempre necesitei algunha serie que me obrigase a ir á librería cada mes.

Ao principio foi *Dragon Ball*, durante un tempo *Bone* (até que a súa periodicidade esgotou a miña paciencia), despois os tomos de *Tezuka*. A verdade é que co rebentón do *Naoki* botaría algo en falta se non fose pola recente aparición dunha serie dentro da revista *El Manglar*, chamada «*R.O.M.*» E teño a sorte de ser amigo do seu autor, **Carlos Vermut**, que consegue engaiolarnos cunha décima parte das páxinas que precisou o creador de *Monster*.

Confeso que coñecín a **Carlos Vermut** vagando eu pola *blogosfera*, concretamente dende o *blog* de **Javier Olivares**. Cando cheguei ao seu *blog* quedei abraiado co seu traballo, e como é natural corrín inmediatamente a ver a súa data de nacemento, como tantas outras veces, na procura de certa calma interior do tipo: «Boh! Non pasa nada, é moito maior ca min; aínda teño tempo de mellorar e chegar a ese nivel». Pero nesta ocasión non houbo remedio (nesta coma noutras, por citar algún dos máis novos talentos que coñezo: **Diego Blanco**, **Enrique Lorenzo** ou **Nicolai Troshinsky**), tiña a miña mesma idade...

Para os que nos dedicamos a isto da banda deseñada aínda queda algo de esperanza: «Debuxará ben, mais seguro que non é autor completo, non coma min, buahaha!». Pois non.

Pouco despois puíden ver algunhas páxinas dun proxecto que Carlos ía editar en Francia («Francia? Glups!»), o que acabou sendo *El banyan rojo*. Qué podo dicir desta historia de aventuras de ambientación hindú: catro nominacións no Saló de Barcelona para un primeiro álbum parece que o din todo. Grosso modo: bo debuxo, boa narración, e un argumento clásico levado a bo fin. Efectivamente, non só un autor completo; na miña opinión, dos máis completos que saíron nos últimos anos.



Viñeta da serie «*The Grunt Way*», para 'BD Banda'

Pouco tempo despois, a vida capitalina e a clásica endogamia do mundo do cómic acabou por facernos coincidir nunha noite máxica, por chamalo dalgún xeito. Dende entón podo dicir que son amigo seu, mesmo se os seus rigorosos métodos de traballo (explicar o dificultoso ritual ao que se somete levaría moitas liñas) non nos permitan quedar todo o que a min me gustaría.

Pero quen é Carlos Vermut e por que todos lle din «I love you»? *Alevín* do Real Madrid, profesor de castelán no Xapón, encargado dunha caseta de feira por toda Europa, director de arte nos estudos de *Pocoyo* (Zinkia)... Unha biografía que o mesmísimo *Steranko* envexaría. Artista terriblemente autocrítico ao tempo que paradoxalmente fresco e pasional, o que está claro é que **Carlos Vermut** é unha mente preclara. Non só polo seu talento, tamén pola súa visión da arte e do sector: non tedes máis que ler as múltiples entrevistas que lle fixeron en diversos medios. As facturas dos nosos móbiles tamén son unha boa mostra do agradábel da súa conversa (que Movistar o acolla na súa gloria).

**Carlos** é unha caixa de sorpresas, no seu traballo e na súa vida; de certo que aínda gardará unhas cantas cartas na súa manga. Eu dende logo fico ansioso por ver cal é a seguinte.



Pormenor dunha das páxinas da serie «*R.O.M.*»

## Presentación do autor

Carlos Vermut chegou un día á miña casa preguntando por un anuncio que eu puxera no xornal. Non era unha boa época para min, comezara a carreira e non tiña moi claro o que facer coa miña vida.

A primeira impresión non foi moi boa, para que enganaros. Non tiña unha forma definida, non semellaba moi sociábel e deume a impresión de ser un pouco fachendoso. Pero por algún motivo sentín que no fondo non era tan ruín, que tiña algo que me chamaba a atención, así que decidín aceptalo.

Pasaron xa oito anos dende aquel intre e exceptuando algunha cousa que me enrabecha, como iso de erguerse non moi cedo ou deixar a roupa por calquera lado, coído que me afixen a vivir con el.

Máis dunha vez quedamos falando polas noites sobre iso que tanto lle gusta, a banda deseñada. Ben, o certo é que des que o coñezo leo máis, por mor do día a día, de ter que compartirmos corpo e iso, e abofé que é un medio que me sorprendeu máis do que imaxinaba. Gústame a visión que ten o Carlos dese medio, o de tentar manter o equilibrio entre a historia e o debuxo, a narración. Claro, eu nunca reparara niso

CARLOS LÓPEZ DEL REY,  
alter ego oficial de Carlos Vermut



Detalle de «Doble sesión»,  
na revista 'El Manglar'

da narración ou no ritmo. A min o que me gustaban eran os debuxos bonitos, mais grazas a el descubrí que a banda deseñada é un medio moi rico, que posúe unha linguaxe única e intransferíbel. Creo que a Carlos lle gusta centrarse niso, na linguaxe, no ritmo, na narración, nos símbolos...

Aínda que el me pediu que escribise isto, tampouco vou eu facerlle as beiras, e mesmo debo confesar que moitas veces, cando divaga, se pon un chisco pesado, mestura temas, atrapállase... Mais seica non cociña mal de todo, polo que acotío o escoito e poño cara de interese.

Coido que está contento co que anda a facer agora, debuxando bandas deseñadas. *El banyán rojo* gustoume bastante, e as historias curtas de *El Manglar*, *BD Banda* e *¡Dibus!* tamén. Home, aínda está comezando, pero agardo que pouco a pouco atope o camiño que quere percorrer, que divague menos, e que me deixe durmir polas noites.

Débesme unha, Vermut.

Secuencia de 'El banyán rojo'











OS RESPONSABLES DESTE COMIC QUÉRENCHÉ DICIR:  
**CONDUCE CON CUIDADO, GRAZAS!**



KILOMETRO 21 DA AUTOVIA A-7 A CORUÑA - LÚA DE ENPOR: 11:00 A.M.





...E, TAMÉN UN PELOTÓN DA LEXIÓN... E OUTRO DE BROS!!  
E, ADEMAS Y AZAGATAS E UN PALLASO, ANTES DE QUE SE NOS VAIA  
DAS MANS. E TAMÉN QUEREMOS MEDIO MILLÓN DE EUROS PARA  
SUBORNOS. E UN EQUIPO DE GUERRA BIOLÓXICA, E OUTRO DE  
ESCORTA E UN POLÍGRAFO, QUE DIQUE ESTA VINTE MINTE MAIS  
QUE FALA. E UN SERVIZO DE CATERING- PARA TODA ESTA TROPA  
E MÉTELES UN POLICO DE PRÉSA, PEPE, QUE ESTAMOS NUN  
B-50...



HUGO COVELLO 2007

# PREMIO OURENSE DE BD Á MELLOR INICIATIVA

## COLECTIVO POLAQUIA

O Premio Ourense de BD, que cada ano outorgan a Casa da Xuventude de Ourense e mais a Concellaría de Cultura do Concello de Ourense para distinguir as máis importantes iniciativas e traxectorias dentro do panorama da banda deseñada galega, recae este ano no **Colectivo Polaquia**, asociación de autores en activo desde o ano 2001.

Polaquia naceu como selo para autoedicións dos seus compoñentes por iniciativa de Kike Benlloch, Jano Viñuela e Alberto Vázquez. Os comunicados iniciais do colectivo deixaban claro o porqué da iniciativa: «Queremos demostrar que os autores galegos de banda deseñada non estamos a velas vir, que temos iniciativa, e moitísimas cousas que contar desde unha linguaxe universal como é o cómic». Na primeira das edicións do selo, o álbum colectivo *Mmmh!* —composto por cómics mudos—, o grupo completouse con Bernal e David Rubín (e contou cunha colaboración especial de Fernando Iglesias Kohell na ilustración das capas).

Ao ano seguinte, as publicacións do selo Polaquia enriquecéronse cos monográficos *Patricia*, de Jano, e *Alter ego*, de Alberto Vázquez. En 2003, incorporábase á iniciativa *Emma Ríos*, que pasaba a reeditar o seu fanzine *APB (A Prueba de Balas)*, daquelas xa precedido de éxito, e do que publicaría outros dous números. Nese ano nace tamén a revista que é *buque insignia* do colectivo: *Barsowia*, a día de hoxe con dez números publicados, que reúnen, en lingua galega, autores de múltiples procedencias. A través das páxinas de *Barsowia* irá tomando importancia a pre-



senza de novos autores do grupo, como os irmáns Sergio e Hugo Covelo, Brais Rodríguez, Diego Blanco ou Roque Romero, que van consolidando o núcleo do colectivo despois da marcha de Jano e Alberto Vázquez.

Tamén Álvaro López publicaría baixo o selo o seu monográfico *Feliz cumpleaños, May* (2004) e posteriormente *A voz na*

*caixa* (2005) e *38* (con Luís Sendón, en 2006). Kike Benlloch en solitario publicaría *Esa cousiña negra que levas no peito* —xerme do álbum *Dámsmitt*, con Manel Cráneo, publicado por Dibbuku—, David Rubín *Corazón de tormentas* —resultado da experiencia «BD 24 x 24», que se desenvolveu nas XVII Xornadas de Banda Deseñada de Ourense— e Diego Blanco *Tanque familiar*.

O máis recente de Polaquia é o lanzamento das coleccións «Rompehielos» —que comeza coa novela gráfica *Pinche mundo*, de Kike Benlloch e Diego Blanco— e «Polaquia Sketchbook», composta de cadernos de bosquejos de diferentes autores, que se inicia co correspondente a Miguel Robledo.

Os traballos autopublicados por Polaquia interesaron xa a outros editores e serviron para o nacemento doutros proxectos; os máis directos foron o volume compilatorio das mellores historias aparecidas ao longo dos sete primeiros números da revista *Barsowia*, *Barsowia en llamas* —publicado en castelán por Dolmen Editorial, de Palma de Mallorca—, e o álbum *Capital* —de Edicions de Ponent, Alacante—, composto por algunhas das historias publicadas polos autores galegos da revista con guiños de Kike Benlloch.

O labor de Polaquia viuse recoñecido xa en dúas ocasións con premios a *Barsowia* no Saló del Còmic de Barcelona: en 2006, co Premio do Público ao Mellor Fanzine, e en 2007 co Premio do Xurado na mesma categoría.

Con este Premio Ourense quere destacarse a importancia do movemento da autoedición como dinamizador do panorama da banda deseñada galega; o fanzine como elemento fundamental para o presente e o futuro do cómic en Galiza. Ante a falta de iniciativas das editoras profesionais, estes autores crearon un espazo propio que demostrou non só a existencia de talento, senón tamén a viabilidade das edicións de banda deseñada, apostando esencialmente polo formato da novela gráfica. Seis anos despois da creación de Polaquia, o colectivo segue en pleno crecemento —veñen de lanzar unha convocatoria aberta de edición de novelas gráficas— e dando razóns para a boa saúde actual do cómic no país.



<http://www.redegalega.org/polaquia>





# ● Cartel das Xornadas: JUAN LUIS PÉREZ

A ilustración do póster oficial das décimo novenas **Xornadas de Banda Deseñada de Ourense** é —ao igual que as páxinas precedentes deste número d'**O Fanzine**, feitas ex profeso polo seu autor como complemento desa ilustración— unha homenaxe ao xénero negro, con tanta presenza en toda a historia da BD. O cartel remítenos inmediatamente a clásicos inesquecibles, pero fai ao mesmo tempo un xogo metalingüístico moi interesante, co que a referencia non é só para un xénero, senón para a Novena Arte en toda a súa extensión. **Juan Luis** consegue, co seu persoal estilo, que o cartel non deixe ninguén indiferente.

**Juan Luis Pérez** foi o gañador do primeiro premio do concurso **GZcrea 2006 —Certame Galego de Creadores Novos**, na modalidade Banda Deseñada—. Este monfortino nacido en 1979 é licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo, na súa facultade de Pontevedra, coa especialidade de Deseño e Audiovisuais, e recibiu en 2002 un accésit no Concurso de Banda Deseñada Cidade de Pontevedra —organizado pola revista **BD Banda**—. Foi ademais primeiro premio no VIII Concurso de Cómics Ayuntamiento de Astillero en 2005.

Non só dedica o seu traballo á banda deseñada; fóra deste ámbito, participou tamén na **Bienal de Caricatura de Ourense**, onde gañou un dos premios no Concurso para Caricaturistas Noveis de 2006.



Viñeta da BD gañadora do GZcrea 2006, «Gárgolas»



EMMA RIOS